

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	IES A Guía	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da arte	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

1. Introducción

A Historia da Arte ten por obxecto o estudo da obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humana, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo. O estudo da Historia da Arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da Arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe unha valiosa testemuña para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades. Daquela, é imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e función sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Proponse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na Antigüidade grecorromana ata a Arte Contemporánea. Como non podemos esquecer a perspectiva das ABAU, esa selección será a que propón a CIUG, tanto no glosario como nas obras a comentar, sen querer dicir que non se dea unha perspectiva o máis global posible da Arte desenvolvida en cada un dos períodos.

O alumnado é do Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades, co que presuponemos un interese previo. O contacto previo coa materia ven da ESO en Xeografía e Historia e tamén noutras materias como Educación Plástica e Visual, Cultura Clásica ou Música, co que debemos supoñer un coñecemento alo menos de obras que funcionan como iconas dun período concreto, entendéndoas desde unha sensibilidade artística correspondente á competencia en conciencia e expresións culturais. Axudaremos a entender os códigos de cada estilo, o desenvolvemento dun espírito crítico e dun criterio estético, chegando ao coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e á adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia estrutúrase entorno a tres eixes: a análise, comprensión histórica e apreciación crítica das principais manifestacións artísticas e das súas relacións co resto de aspectos da cultura e da experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e da visibilización das mulleres creadoras; a educación para a conservación, mellora e uso sostible do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas; o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina; a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística; a súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas; a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano; a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou; o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional; e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

Todo o anterior desenvolverémolo nun instituto situado na periferia de Vigo con alumnado de distinta procedencia tanto socioeconómica como cultural e con variados intereses para continuar os seus estudos. Haberá que considerar as posibilidades de cada un na encomenda de traballos, a dispoñibilidade de material, e as posibilidades de aportar o necesario a través de medios como a Aula Virtual do IES. A metodoloxía suporá o emprego de diferentes instrumentos en cada sesión considerando a diversidade do alumnado, aportando materiais de reforzo e ampliación que quedarán a súa disposición na Aula Virtual. Daremos especial valor á análise e valoracións con argumentos axeitados e o manexo da información desde un punto de vista crítico e considerando distintos puntos de vista.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.	3				40	1-3		1-32
OBX2 - Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.	1-5	1		1	12-50	1	3	2-32
OBX3 - Distinguir as distintas funcións da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destes.					12-40	1-3		1-2-32
OBX4 - Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio das manifestacións artísticas de calquera época e cultura.					40	1-2-3		1-2-32
OBX5 - Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e aos seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.					31-40	1-2-3		1-2-32
OBX6 - Coñecer e valorar o patrimonio artístico no ámbito local, nacional e mundial, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación, o seu uso comprometido a favor da consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía.					40	1-2-3	1	1-2-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Distinguir e describir os cambios estéticos e os diferentes canons de beleza ao longo da historia da arte, realizando análises comparativas entre obras de diversos estilos, épocas e lugares, para formarse unha imaxe axustada de si mesmo e consolidar unha madurez persoal que permita mostrar sensibilidade e respecto cara á diversidade superando estereotipos e prexuízos.					11-31-40	1-3		1-32
OBX8 - Integrar a perspectiva de xénero no estudo da historia da arte, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nos diferentes estilos e movementos artísticos, para visibilizar as artistas e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.	5				31	1-2-3		1-2-32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Arte; función, tipos, técnicas	Entenderemos a actividade artística afondando no progreso das persoas ao longo do tempo, xa que ao tratarse dun instrumento de comunicación, permitiranos entender as circunstancias que propiciaron dita actividade e sobre todo o contexto donde surxe.	5	5	X		
2	Arte grega	Abordaremos o estudo de Grecia como primeiro territorio de Europa en destacar polo seu desenvolvemento artístico. Estudiaremos as influencias exipcias e orientais creando un estilo propio que evolucionará hasta o helenismo.	7	10	X		
3	Arte romana e presenza en Hispania	A arte romana, influenciada pola grega, será o transmisor do legado clásico por todo o mediterráneo, Europa e Próximo Oriente. Unha arte urbana de vital importancia, sen a cal non se entendería o fenómeno da romanización. Estudiaremos exemplos en Hispania, unha das primeiras provincias fóra de Italia.	7	10	X		
4	Arte paleocristiá e bizantina	Nesta unidade abordaremos na súa orixe, o cristianismo, coas súas manifestacións artísticas escasas nun principio. Explicaremos a división do Imperio romano en Occidente e Oriente, é dicir o Imperio	7	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Arte paleocristiá e bizantina	Bizantino hasta o seu máximo esplendor durante o reinado de Xustiniano, no século VI.	7	6	X		
5	Arte prerrománica	Tras as invasións bárbaras e a caída do Imperio romano de Occidente, surxen reinos independentes, evolucionando de forma diferente. Os visigodos, asentáronse en Hispania, creando un reino independente con capital en Toledo. Os francos desenvolven a arte carolinxia ao tempo que en Asturias nace a arte asturiana. Para finalizar estudiaremos a arte mozárabe ou de repoboación nos territorios dominados polos musulmáns.	7	7	X		
6	A arte románica	Abordaremos o románico desde finais do século X hasta principios do século XII desenvolvéndose nos reinos cristiáns e extendéndose por Europa, como un estilo con características comúns, considerado como a primeira arte de carácter internacional.	7	10		X	
7	A arte gótica	A mediados do século XII, na illa de Francia, surxe un novo estilo que rompe coa tradición do románico: o gótico. A orde do Císter fixo unha labor de propagación. Estudiaremos a época de construción das grandes catedrais europeas, o resurxir das cidade e o auxe da burguesía.	7	8		X	
8	O Renacemento. O Quattrocento	A principios do século XV comeza en Italia unha renovación das artes. Desenvolveremos a primeira parte, o Quattrocento, que nace baixo o patrocinio da igrexa católica xunto coa aparición de grandes familias que exerceron un forte mecenazgo artístico.	7	8		X	
9	O Renacemento. O Cinquecento	A finais do século XV asistimos a un crecemento económico en Europa. Paralelamente ao Renacemento italiano, durante o Cinquecento, nace en Flandes un renacer artístico que influirá na arte europea.	6	7		X	
10	O Barroco en Italia e en Europa	Exténdese desde principios do século XVII hasta mediados do século XVIII. É un estilo recargado con profusión de movemento e sentido teatral. Estudiaremos a grande influencia da igrexa contrarreformista.	13	14		X	
11	O Neoclasicismo	Opostamente ao Barroco estudiremos o Neoclasicismo, no que a arquitectura gañará importancia sobre as demáis. O auxe da Ilustración continuou durante o século XVIII, durante o cal artistas da talla de Goya tiveron un papel decisivo na renovación da linguaxe artística.	3	3			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Arte do século XIX	O século XIX foi unha época de moitas transformacións. Os grandes imperios e os cambios sociais e ideolóxicos veranse reflexados nas diversas correntes culturais.	7	8			X
13	Arte da primeira metade do século XX	O crecemento das cidades modernas, as consecuencias das dúas guerras mundiais marcaron a evolución da arquitectura e das artes plásticas a través das vangardas.	10	12			X
14	Arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI	A arquitectura continuará co seu camiño de exploración. Abordaremos as principais tendencias artísticas da segunda metade do século e descubriremos os novos medios expresivos: a cultura visual de masas	7	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Arte; función, tipos, técnicas	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas a definición de arte como concepto histórico-cultural. Entender a arte como unha forma de comunicación cos seus propios códigos de transmisión.	PE	90
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	O alumnado é capaz de crear comentarios de xeito oral e escrito de obras artísticas utilizando as ferramentas propias para o análise dunha obra concreta: elementos técnicos, formais e estilísticos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debate sobre a definición de arte. O concepto da arte ao longo da historia. - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Arte grega	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Analizar mediante fontes históricas de diversos tipos os antecedentes e a plenitude da arte grega, chegando ao helenismo.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte grega e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Distinguir as figuras máis salientables da arte grega, incidindo nas influencias, préstamos e as continuidades.		
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Definir utilizando fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas, e elementos máis salientables da arte de cada período estudado.		
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Clasificar e comparar mediante obras de diversas épocas a evolución da arte grega.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia. - O clasicismo grego: antecedentes, plenitude e helenismo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte romana e presenza en Hispania	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Diferenciar comparativamente o valor propagandístico da arte romana analizando por medio de fontes artísticas as súas múltiples dimensións.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de varias obras da arte romana e as diversas formas de manifestación.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas. Definir os elementos característicos da arte romana.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Valorar a conservación e promoción do patrimonio artístico herdado da arte romana, sobre todo en Hispania e Gallaecia, visualizando e localizando no tempo e espazo obras e diversas fontes histórico-artísticas.		
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Describir por medio de diversas fontes histórico-artísticas a arte de Roma como mecanismo de dominación e control.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - Arte e romanización: a obra civil romana. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte paleocristiá e bizantina	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar e definir a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte paleocristiana e bizantina.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte bizantina e as diversas formas de manifestación.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte bizantina e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.
- A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas.

UD	Título da UD	Duración
5	Arte prerrománica	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Utilizar e definir a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte prerrománica.	PE	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo prerrománico e as diversas formas de manifestación.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte romana, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas e localizándoas no espazo e no tempo.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestación dos prerrománicos analizadas a través dos seus contextos históricos.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte prerrománica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
6	A arte románica	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Definir a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte románica.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo románico e as diversas formas de manifestación.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte prerrománica, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas e localizándoas no espazo e no tempo.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar mediante producións históricas propias as principais manifestacións do románico analizadas a través dos seus contextos históricos e incidindo no seu aspecto de dominación e control.	TI	10
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte románica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte románica en España e Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. - O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

UD	Título da UD	Duración
7	A arte gótica	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Definir a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte gótica.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder suficientemente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte de estilo gótico. Incluirá os contextos histórico-artísticos que mostren a sociedade, cultura e sistema político ideolóxico predominante.		
CA2.5 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte prerrománica, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas e localizándoas no espazo e no tempo.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función didáctica e relixiosa da arte gótica e sobre todo o seu valor nas sociedades teocéntricas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. - A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica.

UD	Título da UD	Duración
8	O Renacemento. O Quattrocento	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Definir os elementos artísticos característicos do Renacemento, tanto os que recibe como os que influirán no futuro.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do renacemento e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar as figuras máis salientables da arte do Renacemento xunto coas súas obras, incidindo nas influencias, préstamos e continuidades.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Identificar as principais manifestacións do renacemento, localizando os seus contextos históricos e artísticos e incidindo no seu aspecto de mecenado e coleccionismo.		
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función social, política e relixiosa da arte renacentista.	TI	10
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Demostrar mediante fontes históricas diversas o concepto de beleza, canon a partir de obras de diversos tipos, estilos e épocas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco. - Pintura e perspectiva: a conquista da terceira dimensión. - Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
9	O Renacemento. O Cinquecento	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Definir os elementos artísticos que se incorporan no Cinquecento, engadilos aos que se reciben do pasado e explicando como influirán no futuro.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Explicar o contexto histórico artístico das obras do Renacemento, xunto coa a función social, política e relixiosa da arte renacentista europea e española.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é capaz de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Renacemento europeo e español e as diversas formas de manifestación.		
CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	Recoñecer e identificar obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, valorando a importancia da conservación e uso da arte renacentista en España e Galicia.	TI	10
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Distinguir mediante diversas fontes histórico-artísticas a variedade de códigos e linguaxes. O sentido da iconografía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte renacentista: Quattrocento e Quinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco. - Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.

UD	Título da UD	Duración
10	O Barroco en Italia e en Europa	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Definir a terminoloxía e vocabulario específico, demostrando un coñecemento básico da arte barroca.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Explicar o contexto histórico artístico das obras do Renacemento, xunto coa a función social, política e relixiosa da arte renacentista europea e española.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é quen de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Barroco e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar as figuras máis salientables da arte do Barroco e as súas obras, incidindo na linguaxe artística como comunicación.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar as principais figuras femininas dentro do Barroco xunto coas súas obras.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte barroca, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.

Contidos

- Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega.
- A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX.
- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.
- Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.
- Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.

UD	Título da UD	Duración
11	O Neoclasicismo	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Definir os elementos característicos da Arte Neoclásica, xunto cos que recibe de épocas pasadas, poñendo exemplos axeitados de Europa e España.	PE	90
CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	Elaborar contextos histórico artísticos correspondentes as principais obras neoclásicas relacionando as sociedades y sistemas políticos e económicos que as producen.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é quen de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte do Neoclasicismo e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar os principais artistas e obras do Neoclasicismo despois de consultar información de diversas fontes.	TI	10
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar mediante producións históricas propias e alleas o papel academicista no século XVIII.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Valorar a partir de imaxes as formas do pasado e as interpretacións que no Neoclásico se fan en diferentes expresións artísticas.		
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Valorar noticias recentes sobre a conservación, mantemento e exhibición de obras neoclásicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte. - O papel das academias no século XVIII. O neoclasicismo. - Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos. - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte.

UD	Título da UD	Duración
12	Arte do século XIX	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	Definir e utilizar convenientemente os conceptos artísticos propios dos distintos movementos artísticos analizados.		
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é quen de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte do XIX e as diversas formas de manifestación.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar aos principais artistas e obras do século XIX e diferenciar os movementos aos que pertencen diferenciándoos no tempo.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Elaborar o contexto histórico artístico onde se desenvolven os movementos artísticos analizados, relacionando a realidade social, política e económica das sociedades.		
CA2.4 - Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	Recoñecer o inicio da ruptura dos modelos clásicos e as novidades que aparecen no século XIX que rompen co academicismo dominante.	TI	10
CA3.3 - Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade.	Identificar e suliñar as diferentes representacións da muller na Historia da Arte valorando as rupturas que se están a producir neste período.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O romanticismo. - Pintura española do século XIX: Goya. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A pintura impresionista. - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.

UD	Título da UD	Duración
13	Arte da primeira metade do século XX	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Definir os conceptos clave das correntes artísticas da primeira metade do século XX, aportando exemplos para ilustralos.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é quen de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte das primeiras vangardas e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar artistas e obras clasificándoos nas vangardas no tempo e no espazo que corresponda.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Elaborar o contexto histórico artístico correspondente á primeira metade do século XX, incidindo nas circunstancias que puideron condicionar unha produción artística cada vez máis diversa.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar as principais artistas femininas e as súas obras dentro da arte da primeira metade do século XX.		
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar de xeito oral e escrito o papel da arte e do artista na sociedade que lle toca vivir e as posibilidades que a creatividade individual ten para interpretar ese mundo.	TI	10
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da primeira metade do século XX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - Vangardas e novas formas de expresión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX.

UD	Título da UD	Duración
14	Arte da segunda metade do século XX e comezos do XXI	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	Definir e utilizar os conceptos relacionados cos movementos estudados, aportando exemplos que os ilustren.	PE	90
CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	O alumnado é quen de realizar de modo satisfactorio e suficiente comentarios histórico-artísticos de obras da arte das segundas vangardas e as diversas formas de manifestación.		
CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	Identificar aos principais artistas e obras que representan os diferentes movementos artísticos estudados ata inicios do século XXI, encadrándoos no tempo e no espazo correspondente.		
CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	Elaboración do contexto histórico artístico correspondente ás obras estudadas, relacionándoas co sistema sociocultural, político e económico no que se desenvolven.		
CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	Identificar as principais figuras femininas e as súas obras dentro das segundas vangardas e os comezos do século XXI.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	Explicar de xeito oral e escrito o papel das distintas concepcións da arte como forma de cuestionar ou interpelar á realidade ou á opinión dominante.	TI	10
CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	Recoñecer por medio do estudio de obras artísticas a través de diversas fontes e in situ, da importancia da conservación e uso da arte en españa e galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. - Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade. - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. - Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. - Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente. - O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. Tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

No Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

No desenvolvemento da materia de Historia da Arte trataremos de favorecer:

- A adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
 - Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
 - Actividades para fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
 - Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
 - Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos da Historia da Arte e os doutras disciplinas da área de Ciencias Sociais ou doutras áreas.
 - Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
 - Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación á contorna, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
 - Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

As clases basearanse na exposición oral por parte da

profesora dos contidos a tratar, fomentando a participación do alumnado e, por outra banda, na resolución das actividades propostas (análise e comentario de obras de arte, realización de esquemas, mapas conceptuais, cadros-resumo). A metodoloxía de traballo na aula se procurará que sexa activa e participativa. As exposicións por parte do profesor incorporarán a aprendizaxe por descubrimento, a través de exercicios e actividades, tales como análise e comentario de obras, tratamento de textos e mapas, elaboración de esquemas, resumos, monografías. Estas actividades poderán ser realizadas na aula ou na casa, e corrixidas en gran grupo ou individualmente cando sexan entregadas. O traballo do alumnado na aula desenvolverase de xeito individual, en parellas ou en grupos, dependendo dos casos.

Valorarase a participación na clase e o espírito crítico do alumnado, e considerarase o ritmo persoal de aprendizaxe, tratando de adecuar os procedementos nos casos que sexa necesario. Levarase conta das incidencias de clase e das actividades desenvolvidas diariamente, no que constará a asistencia a clase, as cualificacións acadadas nas diferentes probas escritas ou orais realizadas, no nivel de competencias acadado, etc.

Para o traballo da aula aportaranse os recursos didácticos necesarios que permiten desenvolver as competencias propios da área. Buscaremos situacións próximas ao alumnado para que poidan aplicar en diferentes contextos os contidos que lles permitan acadar as competencias concretas. Igualmente crearanse contextos e situacións que representen retos para o alumnado; que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obriguen a ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc. Neste senso, para traballar as competencias relacionadas co dominio emocional e as actividades sociais terán un especial protagonismo as actividades de

planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

Tipos de actividades didácticas

- Actividades de motivación e de detección de coñecementos previos. Formularanse ao principio de cada unidade didáctica ou en calquera momento ao longo desta. Entre elas poden propoñerse as seguintes:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido, co fin de facilitar unha idea precisa sobre o punto de partida.

- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade ou dalgunha das súas partes, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.

- Actividades de ensinanza-aprendizaxe. Son actividades de localización, afianzamento, análise, interpretación e ampliación; actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e á contorna do alumnado; actividades de síntese-resumo que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.

A realización e corrección na clase das actividades propostas fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permite coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos e o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis

Material audiovisual
Gamificación
Redes Sociais especializadas
Enlaces web
Canales de Youtube

Utilizaranse materiais moi diferentes que, na medida do posible, quedarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro:

a) **Materiais escritos:**

- Temas teóricos.
- Comentarios das obras artísticas ABAU.
- Glosario de termos artísticos.

b) **Materiais visuais e audiovisuais:**

- Presentacións de diapositivas, dossiers gráficos que abranguen a totalidade do temario, con esquemas, mapas, e imaxes das obras a tratar, que quedarán a disposición do alumnado.

- Enlaces a páxinas web e vídeos relativos á parte da materia que corresponda.

c) **Computador e pizarra dixital:** Imprescindible para o desenvolvemento das sesións e para o traballo dos procedementos de busca e tratamento da información.

d) **Aula Virtual do IES A Guía.** Servirá de lugar onde se poña a disposición do alumnado todo tipo de material para o estudo e o traballo, e onde o alumnado poderá enviar tarefas para a corrección.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso faremos unha introdución sobre o concepto de arte e unha iniciación ao vocabulario histórico durante a que observaremos o grao de coñecemento do alumnado sobre a materia. Hai que ter en conta que durante a

ESO os temas de Historia da Arte son unha mínima parte do contido asociada á Historia, polo que non en todos os casos se trataron, e, en caso de facelo, quédanlles moi lonxe. Utilizaremos vídeos curtos de introdución e un cuestionario básico de identificación tipo Kahoot para repasar, recordar ou introducir a materia como conxunto.

A unidade inicial será moi importante porque, a nivel xeral introduciremos o concepto da arte, os códigos e linguaxes que poden non ser familiares pero que o alumnado debera ir incorporando desde o inicio e demostrar ao inicio de cada unidade didáctica que van sendo asumidos.

Ao longo do curso, tamén faremos unha avaliación inicial dos coñecementos básicos de cada tema, para atopar un punto de partida que sirva para ampliar eses contidos. Farase de xeito oral, utilizando imaxes de arquitectura, escultura e pintura que favorezan a intervención do alumnado, que servirá para detectar coñecementos previos, posibles carencias para insistir nelas, e incluso ideas e prexuízos adquiridos que haberá que aclarar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	7	7	7	7	7	7	7	6	13
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	7	10	7	100
Proba escrita	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

Os dous apartados en que agrupamos os procedementos e instrumentos de avaliación son:

- Procedementos e instrumentos de avaliación a través das actividades habituais na aula. Baséanse na observación na aula por parte do profesorado do traballo do alumnado; na avaliación das súas actividades e traballos; e na interrogación (formulación e resposta a preguntas).

- Procedementos e instrumentos de avaliación a través de probas específicas que permiten coñecer o grao de asimilación dos contidos. As probas escritas constarán de preguntas de distinto tipo nas que o alumnado definirá conceptos, identificará obras de arte e artistas, localizará esas obras no tempo, desenvolverá o contexto histórico e analizará obras desde o punto de vista formal, iconográfico e iconolóxico.

A avaliación é a valoración de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que comprende todas as actividades, traballos, participación en debates, e probas escritas. Dado que a cualificación do Bacharelato debe ser unha nota numérica, os exames serán valorados dese xeito. Faranse por avaliación dous exames, agás na terceira por ser unha avaliación máis curta, de xeito que se decidirá no momento a conveniencia de facer unha ou dúas probas.

Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación ademais das probas escritas aínda que, considerando o nivel educativo no que nos atopamos, estas serán o fundamental para a cualificación

final (90% do total). O 10% restante corresponderá a cuestións relacionadas co desenvolvemento das unidades didácticas: comentario de láminas, probas de identificación de obras e de vocabulario artístico, participación na clase, traballo diario, asistencia, actitude cara a materia. A asistencia é obrigatoria, polo que o rexistro será diario, e as faltas non xustificadas debidamente terán directa repercusión na nota ao non poderse valorar criterios de avaliación que requiren a presenza na aula para o logro das competencias.

Faranse por avaliación dúas probas. A estrutura da proba basearase na proba de acceso á Universidade (ABAU) con pequenas variantes, segundo a cal, a estrutura e valoración será a seguinte:

- Definición de cinco conceptos (0,4 puntos cada un).
- Identificación, análise e comentario de dúas láminas, empregando o seguinte esquema:
 - Identificación sinalando cultura/estilo/movemento; cronoloxía; título; autor (ata 1 punto).
 - Contexto histórico-artístico (ata 1 punto).
 - Análise e comentario (ata 2 puntos).

O aprobado será unha nota igual ou superior a 5 puntos nas probas que se fagan nunha avaliación. No caso de non superar esa nota, se ofrecerá a oportunidade de probas de recuperación das avaliacións suspensas ao final de curso. Será valorada a redacción, a corrección ortográfica e a presentación. O valor destas probas escritas no total da avaliación será dun 90%.

Avaliación final

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. O aprobado de cada unha será calquera cualificación igual ou superior a 5 puntos. No caso de non superar esa cualificación, se ofrecerá a oportunidade de probas de recuperación das avaliacións suspensas ao final de curso.

Avaliación extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria realizarase unha proba global seguindo a proba da ABAU: cinco opcións para escoller dúas, con vocabulario (dous conceptos de 0,5 puntos cada un para escoller entre catro) e comentario da obra (desglosando a puntuación como xa está explicado nas probas ordinarias). O total serán dez puntos e considerarase superada a materia con calquera cualificación igual ou superior a 5 puntos. No caso de que as instrucións da CIUG prantexen unhas probas con outra estrutura ou optatividade, poderanse adaptar segundo ese modelo as probas da convocatoria extraordinaria ao ter carácter global.

Se un alumno/a faltase a calquera proba das programadas, que se establecerán con antelación, poderase repetir a proba se a xustificación aportada ven acompañada dun documento oficial médico, xudicial ou de deber inexcusable. Na convocatoria extraordinaria, con calendario oficial, non se contempla a posibilidade de repetición da mesma fóra da data establecida por Xefatura de Estudos.

En todos os casos mencionados de realización de probas escritas, se se detectase fraude, durante ou despois da realización das mesmas, a cualificación pasará a ser un cero na proba correspondente, de xeito que non fará media para a avaliación de que se trate e se deberá repetir na recuperación correspondente. De darse esta circunstancia nunha proba de recuperación, o cero levará ao alumno/a á convocatoria extraordinaria.

Criterios de recuperación:

Como xa quedou explicado, haberá a posibilidade de recuperación das avaliacións non superadas ao final de curso. Realizaranse probas por avaliación axustadas ao tempo e dependendo da cantidade de materia a recuperar de xeito que se manteña a estrutura explicada para as probas ordinarias: definicións de conceptos e comentario de dúas obras con identificación, contexto histórico e análise. A media aritmética para a cualificación final farase coa cualificación obtida nas recuperacións.

De non superarse a materia na convocatoria ordinaria, haberá a posibilidade de facelo na avaliación extraordinaria, cunha proba global que seguirá o esquema das probas da ABAU, tal como queda explicado no apartado anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, de xeito que o sistema educativo ofrezca a cada estudante a axuda pedagóxica necesaria en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas resolvan esta diversidade mediante a elección de itinerarios e materias optativas. Porén, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que o alumnado manifesta. Atenderemos á información dada polo Departamento de Orientación sobre o alumnado con necesidades educativas especiais para responder convenientemente a elas no desenvolvemento da materia e na realización das probas escritas.

Así, o tratamento á diversidade na materia de Historia da Arte de segundo de Bacharelato acométese desde:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dous niveis: a información xeral en forma de temas de maior desenvolvemento; e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, etc.

- A atención á diversidade na programación das actividades. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivacións do alumnado. A maioría das propostas deberá corresponder a un nivel de dificultade medio ou medio-alto, o máis apropiado para un segundo curso de Bacharelato.

- A atención á diversidade na realización das probas escritas. Dependendo das distintas necesidades, adaptaremos o formato das probas e ampliaremos o tempo de realización das mesmas se fose necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico			X					X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X		X		X		X
ET.6 - Igualdade de xénero		X						X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X		
ET.5 - Educación emocional e en valores		X		X		X
ET.6 - Igualdade de xénero		X		X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Historia da Arte é unha disciplina que polos seus valores intrínsecos ten un elevado potencial para contribuír á formación integral do alumnado, incluíndo, pola súa índole humanística, a maioría dos contidos transversais como parte do seu currículo. Nese sentido, a análise da obra de arte, sempre que se despreque da materialidade a obra, da súa aparencia formal e transcéndaa, atoparase co espírito da sociedade que a produciu, coa súa mentalidade, coas súas formas de vida e pensamento e, mediante a análise crítica e respectuosa deses valores, ou deses desvalores, estaremos a contribuír á formación dos mozos e mozas en aspectos tales como: a educación emocional e en valores, o fomento do espírito crítico e científico, a igualdade de xénero e a creatividade. Por suposto, como no resto das materias, será imprescindible o traballo da comprensión lectora e a expresión oral, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

Na educación emocional e en valores trataremos de fomentar o respecto e a tolerancia cara aos valores contidos nos estilos artísticos distantes no tempo, no espazo ou na mentalidade; incrementar a sensibilidade crítica cara aos problemas sociais máis representativos de cada contexto histórico; promover unha actitude participativa, crítica e tolerante nos debates e diálogos; impulsar actitudes solidarias e de diálogo nos traballos en equipo; xerar correntes de sensibilidade e solidariedade cara ás persoas que traballan na defensa do patrimonio e traballar desde a nosa posición.

Na educación para a igualdade de xénero procuraremos destacar as épocas e situacións en que a muller como colectivo, ou algunha muller en singular, tivo un papel relevante na produción artística, como artista ou como promotora de obras; fomentar na convivencia diaria a non discriminación sexista e combater os prexuízos que puidese haber respecto diso; valorar negativamente a marxinação feminina en sociedades do pasado e do presente.

Fomentaremos o espírito crítico e científico presentando interpretacións diversas e diferentes puntos de vista sobre temas artísticos actuais e favoreceremos que o alumnado acceda a información variada sobre o mesmo tema; fomentaremos a curiosidade deixando temas abertos para continuar a busca de información; conectaremos o pasado co presente e demostraremos constantemente a utilidade do coñecemento adquirido para comprender a nosa sociedade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Posibilidade aberta ao longo do curso.		X	X
Celanova-Santa Comba de Bande-Aquis Querquennis	Colaboración co Departamento de Latín e Grego. Percorrido a realizar o 30 de novembro de 2023. Arte visigoda, mozárabe, barroco.		X	
Santiago de Compostela. Catedral de Santiago-Pórtico da Gloria-Obradoiro-Convento de Santa Clara	Visita das obras obxecto da ABAU e percorrido pola cidade.		X	

Observacións:

O Departamento de Xeografía e Historia propón unha serie de actividades que poderán variar na data prevista ou no detalle das actividades segundo a meteoroloxía, a dispoñibilidade de reservas, a colaboración con outros departamentos didácticos, a programación xeral das actividades do centro, etc. Sempre se prepararán previamente con actividades na aula, lecturas, presentacións, todo relacionado coa unidade didáctica correspondente. Despois da actividade propiamente dita, completaremos cunha avaliación para comprobar e avaliar o adquirido durante a mesma.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realiza avaliación inicial
Avalía según os criterios de avaliación da programación
Ofrece posibilidades de recuperación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axietdas 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empréganse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Planifica, ensina e avalía
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
A práctica docente é innovadora
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega unha grande variedade de recursos
Medidas de atención á diversidade
Atende e resolve as dúbidas
Revisa a realización das tarefas
Clima de traballo na aula
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente dará datos para axustar os aspectos que non funcionen ou que se poidan mellorar. Ao final de curso proporcionaremos unha enquisa ao alumnado coas valoracións en escala de Excelente, Ben, Regular, Mal, de xeito que os enunciados mencionados máis arriba poidan ser cualificados e extraer conclusións deses resultados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.

Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudio propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados